

## CONTRATOS LÁCTEOS OBRIGATORIOS TAMÉN PARA O LEITE DE OVELLA E CABRA

O Boletín Oficial del Estado (BOE) publicou o Real Decreto 1363/2012 polo que se regula o recoñecemento das organizacións de produtores de leite e das interprofesionais do sector, unha norma pola que tamén se establecen os contratos obrigatorios a partires do 3 de outubro. Esta obriga inclúe tódalas operacións comerciais que se realicen con leite cru de vaca, ovella e cabra.



Esta regulación comporta que tódalas vendas de leite cru deben estar suxeitas a un contrato firmado de antemán no que se incluírán, entre outros elementos, o volume contratado e o prezo.

Esixírase tamén unha duración mínima de un ano a non ser que o produtor non queira e se pacte unha duración menor.

Crearase unha base de datos no Ministerio (MAGRAMA) que recollerá os datos relativos ós requisitos mínimos dos contratos que se subscriban e que xestionará o INLAC. O Real Decreto autoriza ás organizacións de produtores a negociar de forma colectiva os termos dos contratos (incluído o prezo) en nome dos seus asociados.

En Galicia, cada produtor terá que establecer o seu contrato coa empresa que lle recolle o leite. Dende OVICA poñemos á disposición dos socios modelos de contrato e vos asesoraremos para unha correcta aplicación da norma.

## DESCENSO DO CENSO E CONSUMO – A RESPOSTA DE INTEROVIC

O sector ovino perdeu en España máis de sete millóns de cabezas nos últimos 10 anos (datos do MAGRAMA). No 2001 había un total de 24.301.000 ovellas, mentres que no 2011 baixamos ata ás 17.003.000 o que significa unha redución porcentual do 30%. O sector caprino a redución foi do 13,5%, pasando de 3.114.000 cabras no 2001 a 2.693.000 no 2011.



Por outra banda o consumo nos fogares redúcese. O ano pasado baixou un 5,5%. A combinación dos dous factores, descenso no censo e baixada do consumo, fan que o prezo da carne en lonxa se manteña relativamente alto.

Por todo isto INTEROVIC, a asociación interprofesional agroalimentaria do ovino e caprino, puxo en marcha a Extensión da Norma. Esta acción pretende recadar nos matadoiros a partires do 1 de novembro unha achega de 0,05 €/animal sacrificado. Este diñeiro será descontado no momento de comercializar a canal e será o matadoiro o encargado de recadalo. O diñeiro vaise destinar a accións de promoción da investigación, promoción do consumo de carne de cordeiro e cabrito e accións para mellorar a información e coñecemento sobre ás producións e os mercados do ovino e caprino en España.

## COMPRA – VENTA

- Véndense cachorros de Border Collie – 676 030 978 – Portomarín (Lugo)
- Ofrecese traballador con experiencia para explotación de ovino/caprino – Provincia de Ourense – 639 600 926
- Véndense cachorros de Mastín Leonés – 639 925 690 – Friol (Lugo)
- Véndese un can Border Collie macho traballando con ovellas – 620 295 920 – Boimorto (A Coruña)
- Véndese rabaño 35 cabezas, raza INRA – 666 159 761 – Neda (A Coruña)
- Véndese cabrito de recría de cabra galega – 677 07 22 69 – (Lugo)
- Véndese rabaño de 50 ovellas – 981 695 044 – 616 622 658 – Tordoia (A Coruña)



## BOLETÍN INFORMATIVO Nº 77 SETEMBRO-OUTUBRO 2012

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo  
Tfno.: 982 245 142 Fax: 982 285 211  
Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense  
Correo Electrónico: [ovica@ovica.org](mailto:ovica@ovica.org)  
Páxina web: [www.ovica.org](http://www.ovica.org)

## EXPOLUGO 2011



OVICA estivo presente, como cada ano, na feira Expolugo, celebrada do 5 ó 7 de outubro. Contamos cun stand e coa presenza de animais de distintas razas (Ovella Galega e Latxa).

Pola feira pasaron socios, profesionais do sector e curiosos cos que puidemos falar das cuestións do noso sector, dando a coñecer a asociación a aqueles que a descoñecían e xerando debate entre os socios que se xuntaron.

Según datos do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, a asistencia foi de preto de 16.000 persoas ó longo dos 3 días de actividades.



Ovellas galegas e macho da raza Latxa



# CAIXA RURAL GALEGA

## NOVAS BREVES

Fontes: Oviespaña, Agrodigital, CCAE, Agroinformación, Boletín agrario e infoagro, ...

### AXUDAS – O Ministerio de Agricultura reduce o seu orzamento nun 9,4% para o 2013

O orzamento para 2013 do MAGRAMA ascende a 7.661,87 millóns de euros, o que supón unha redución do 9,4% respecto do ano anterior.

Para o programa de desenvolvemento rural sostible dedicaranse 20,27 millóns de euros, un 31% menos, mentres que para o desenvolvemento rural serán 1.007,76 millóns, un 34% menos.

### INTERNACIONAL – Irlanda financia a mellora da cría de ovino mediante unha taxa voluntaria

O sector ovino de Irlanda decidiu contribuír na organización *Sheep Ireland* para continuar cos programas de mellora xenética de ovellas. A contribución será a base dunha taxa voluntaria sobre os ovinos sacrificados e os animais vivos exportados.

### INVESTIGACIÓN – Xeran en ovellas e cabras aversión a oliveiras e vides para que só coman malas herbas

Investigadores da Universidade Autónoma de Barcelona xeraron, en ovellas e cabras, aversión ás follas de oliveira e de vide para usar estes animais na limpeza das herbas non desexadas que medran ó redor dos cultivos, pero sen danalos.

Os investigadores demostraron que con cloruro de litio pódese xerara versión polas follas destes cultivos. A aversión a estas plantas desenvólvese grazas a un mecanismo natural dos animais no que é necesario o aprendizaxe para saber qué alimentos son bos e cales poden ser tóxicos. Para conseguir o rexeitamento ós brotes e modificar a súa conducta alimentaria, os investigadores deron de comer a cabras e ovellas brotes destas plantas, cando este eran un alimento novo para os animais, e logo cloruro de litio, que simula o mecanismo de acción dos compostos tóxicos nas plantas.

O cloruro de litio xerou nestes animais unha sensación de indigestión que asocian coa inxesta do novo alimento. Os resultados obtidos son moi alentadores, xa que cunha soa dose de cloruro de litio se puido observar un rexeito das follas de oliveira dende o primeiro día. Tamén se puido constatar que esta aversión perdurou ó longo dun ano e que despois deste tempo débese dar unha dose de recordo ós animais para manter o nivel de rexeito ás follas.

Agora os científicos están a traballar na eliminación do litio para saber canto tempo tarda en desaparecer nos ouriños, feces e leite. Aínda así, o tempo de eliminación do litio non vai pasa ren ningún caso das 24-48 horas despois da inxesta.

### CALIDADE – A Universidade de Vigo desenvolve unha “cecina de cabra” dirixida ao mercado musulmán

Varias industrias amosaron xa o seu interese pola cecina procedente de cabras adultas sacrificadas polo rito musulmán de *halal* e desenvolvida no Campus de Ourense pola Área de Tecnoloxía dos Alimentos, da Facultade de Ciencias da Universidade de Vigo.

Trátase dun produto cárnico “de calidade constante, con personalidade, de elevado valor nutritivo e sanitariamente seguro”, como o define a directora del proxecto, Inmaculada Franco.

A cecina de cabra non é un descubrimento como tal do equipo de investigación, pero este soubo adaptalo a unha sociedade e unha cultura carentes deste produto ata agora. En Marrocos, o máis semellante son unhas tiras de carne secadas ó sol e salgadas, “pero produtos de peza enteira non se elaboran no mundo árabe”, asegura.

O proxecto xurdiu entre o grupo do Campus e outro da Facultade de Ciencia e Tecnoloxía da Universidade Abdelmalek Essâadi de Tánxer. Partindo da experiencia previa na Área de Tecnoloxía dos Alimentos e da do estudante Sanaa Cherroud, que está a realizar a súa tese doutoral en Ourense. Sanaa tivo a idea de aproveitar cabras de avanzada idade e, polo tanto, con pouca saída no mercado marroquí, para elaborar esta cecina. “Alí a cabra ten unha gran importancia económica para a produción de leite e a idea é darlle maior valor engadido”, explica Inmaculada Franco.

Como manda o rito musulmán, os animais empregados para obter este curado foron sacrificados de forma *halal*, é dicir, son animais desangrados ata a súa morte, sen aturdirlos previamente. “Unha vez ensaiados distintos parámetros, trouxémolas aquí, que é onde realizamos as análises bioquímicas e microbiolóxicas”. O proxecto do Campus pretende tamén fomentar o asentamento de industrias ou asociacións no norte do país, aumentando deste modo os ingresos dos produtores.

## QUÉ ESTÁ A PASAR CO PREZO DO PENSO?

Xa hai tempo que, tanto dende OVICA como dende outros foros, estase avisando deste fenómeno: os prezos dos pensos seguen a subir. Este verán tivemos un claro exemplo do que se viña anunciando. Dende hai dous anos revisamos dúas veces ó ano o mercado dos cereais no Boletín de OVICA, hoxe tentaremos de facer un resumo do que está a acontecer e cales poden ser as estratexias a seguir.


No pasado mes de setembro, a FAO, conxuntamente co FIDA e o PMA (todas elas axencias ou organismos dependentes da ONU) fixeron público un comunicado urxente sobre a situación dos prezos das principais materias destinadas ao consumo humano e animal (cereais e soia principalmente). “A situación actual nos mercados mundiais de alimentos, caracterizada por un forte aumento nos prezos do millo, trigo e soia, fixo aumentar o temor dunha repetición da crise alimentaria mundial de 2007-2008”.

A FAO analizou as causas desta suba: “Nos últimos 5 anos producíronse tres fortes subas nos prezos internacionais dos alimentos. En todas as ocasións, a meteoroloxía foi unha das causas. As secas nalgúns zonas do mundo mermaron a produción mundial de cereais practicamente cada dous anos dende 2007. Noutros lugares, as inundacións causaron graves danos ós cultivos. O incremento do desvío de reservas de alimentos para fins non alimentarios e o aumento da especulación financeira son algunhas das causas da suba do nivel de prezos e da volatilidade”. No comunicado a FAO chega a seguinte conclusión: “Ata que atopemos o camiño para blindar o noso sistema alimentario fronte ós vaivéns dos prezos e do cambio climático, o perigo persistirá”.

Máis aínda, faise un aviso cara o futuro: “Somos vulnerables porque incluso nun bo ano, a produción mundial de cereais é a penas suficiente para satisfacer a crecente demanda de alimentos, pensos e combustible. Isto, nun mundo onde hai 80 millóns de bocas máis que alimentar cada ano. Estamos en perigo, xa que só un puñado de países son grandes produtores de alimentos básicos, e cando se ven afectados, o mesmo lles sucede a tódolos demais.” – “O problema a longo prazo é cómo producir, comerciar e consumir alimentos nunha época de crecemento demográfico e da demanda e cambio climático”.

Deste comunicado despréndese que o prezo dos nosos pensos non está en mans de galegos, nin españois nin tampouco de europeos. Non podemos deixar en mans dos “mercados internacionais” a viabilidade das nosas explotacións. Por iso, dende OVICA, seguimos a recomendar os sistemas baseados no pastoreo ó longo do ano cunha utilización moi racional dos pensos e cunha maior utilización de cereais enteiros ou partidos para economizar na alimentación. Tamén recomendamos o incremento da superficie forraxeira e a mellora dos pastos das nosas explotacións. Estas son e serán as bases que nos permitan manter o máximo nivel de autosuficiencia alimentaria e, por conseguinte, a menor dependencia da variación dos prezos dos pensos.

**Se tedes calquera dúbida sobre como orientar a vosa explotación para unha mellor adecuación ós prezos dos alimentos, dende OVICA vos proporcionaremos asesoramento.**



Evolución do Índice de Prezos dos Alimentos (FAO)